

Tempos de cambio en Francia

Enrique Sáez Ponte

Un modelo con problemas

Para entender aos franceses cómpre analizar a súa especial visión do mundo e a súa historia recente. O primeiro que sorprende a un observador do sur dos Pirineos é a adoración que teñen os nosos veciños polo seu Estado, un depurado exemplo da especie dos estados-nación, que ten servido de modelo para moitos outros. Trátase dunha organización política e administrativa moi centralizada, con alta capacidade de intervir na economía e de fornecer todo tipo de servizos públicos con eficacia. O aparello estatal está xestionado por castas de funcionarios, os máis importantes provenientes da *École Nationale d'Administration* (ENA), onde se forman os membros dos principais corpos da Administración Pública. Algúns deles teñen case monopolizado o xogo político recentemente (Giscard, Chirac, Jospin, Fabius, Villepin..., a mesma *Ségolène*). A influencia dos *enarcas* esténdese a moitas empresas públicas, semipúblicas ou privadas que antes foran do Estado.

Para o francés do común, o Estado pode facer de todo e, daquela, pídlle de todo. Ademais os cidadáns manteñen unha relación directa coa República dende os tempos revolucionarios, cando os cambios facíanse na rúa, sen pasar polas canles institucionais, como o Parlamento, sempre pendente do levantisco pobo. Hoxe aínda, as leis máis significativas son sometidas a xuízo popular, como recentemente ten ocorrido coa do contrato de primeiro emprego, promovida polo xefe do Goberno Villepin, aprobada polo Parlamento e promulgada polo presidente un venres para retirala o luns seguinte, despois de fortes algaradas dos mozos e da queima dalgúns coches, un deporte popular as fins de semana en algunhas *banlieues*.

A combinación de Estado omnipresente, dirixido por altos funcionarios temerosos das reaccións populares, e o recurso a cotío de diversas medidas de presión –manifestacións, folgas, cortes de estradas– ademais de por en cuestión a democracia representativa, ten creado un espazo propicio para que agromen corporativismos diversos. Os propios funcionarios teñen privilexios que destacan sobre as condicións de traballo ou de prestacións sociais do conxunto dos traballadores. O mesmo ocorre con colectivos de empresas públicas con capacidade de parar o país, como os condutores do TGV (o AVE francés) ou os empregados de *Électricité de France* (EDF), o monopolio eléctrico. Os salarios e pensións destes colectivos privilexiados son moito mellores que os dos traballadores do sector privado; non sorprende pois que case o 80% dos mozos franceses aspiren a seren funcionarios ou algo similar. Sorprende máis, por exemplo, que aínda se debata unha das poucas medidas liberalizadoras que ten tomado o goberno anterior. Nun acto de valor decidiron cambiar o estatus xurídico de EDF, que tiña unha forma de sociedade especial non homologábel no

sector privado –como as caixas de aforro españolas–, transformala en sociedade anónima e privatizar o 15%. O programa do Partido Socialista para as presidenciais, incluía a recompra dese perigoso 15% a pesar do esforzo económico que suporía e do alto endebedamento que xa ten o Estado.

Entre os grupos de actividades económicas protexidas, destaca a agricultura que representa un custo enorme para o Estado francés e para a Unión Europea. O problema é que as vantaxes dos que están dentro do sistema, apoiado no sector público, non poden chegar a todos e deixan fóra de protección a colectivos cada vez maiores, formados en grande medida por mozos e inmigrantes.

A inmigración ten creado en Francia unha problemática específica, pola alta porcentaxe que representa a poboación de orixe magrebí, de relixión musulmá, que mantén os seus códigos de comportamento e a súa organización informal paralela, colisionando coa laicidade do Estado, e, non menos, coa tradición cristiá de Francia. Nas grandes cidades e nas rexións do sueste, hai barrios enteiros que viven unha vida propia, transferida do outro lado do Mediterráneo. É suficiente pasear por Marsella para atopar espazos urbanos que lembran a Orán ou ad-Dhar-al-Bayda ('Casablanca').

O modelo estatal francés amosa síntomas de crise por falla de flexibilidade para se adaptar a un mundo máis aberto. Os retos da globalización, da apertura comercial ás exportacións de países emerxentes, teñen un impacto directo sobre o sistema económico galo, o que se traduce nunha incómoda combinación de paro elevado, que incide especialmente nos colectivos á marxe da protección social xa mencionados, e déficit público, porque os políticos-funcionarios, que acumulan cargos escandalosamente –un pode ser ministro e alcalde, por exemplo– seguen incrementando o gasto, polas demandas dos afectados da nova situación, e non poden recadar máis impostos, se non queren parar totalmente a economía.

Un libro que retrata moi ben esta situación é *La France qui Tombe* de Nicolas Baverèz, publicado no 2003, na resaca das anteriores eleccións presidenciais, que supuxeron o momento de gloria dun político tan pouco presentábel como Jean-Marie Le Pen, que obtén moitos votos das clases traballadoras agredidas pola inmigración e a deslocalización de empresas.

Nos anos transcorridos dende aquela, pouco mudaron as cousas coa inoperante presidencia de Jacques Chirac, o grande experto en prometer o que sexa e non facer ren. Pola súa banda, Alemaña, o gran veciño para o que sempre ollan os franceses, si está a cambiar dende que hai ano e medio Ánxela Merkel substituíu a Gerhard Schröder, un político modelo Chirac. A veciña República Federal ten un punto porcentual de crecemento por riba de Francia, ven de reducir o desemprego nun millón de persoas e sitúase como o primeiro exportador mundial, por diante de Estados Unidos, Xapón e China. O "hexágono", como ás veces chaman os franceses ao seu país, ten pasado nos últimos dez anos do posto 7 ao 17 na clasificación mundial de países en riqueza por habitante.

Dificultades para o diagnóstico

Neste último quinquenio, o quinquenio perdido, os franceses botaron pelotas fora, a culpa do que pasaba era da globalización, da ampliación da UE, do neoliberalismo saxón... A consigna era resistir: votar contra a Constitución Europea, liderar a loita contra a globalización, manifestarse contra as medidas liberalizadoras da economía... No da resistencia tiveron algún momento de merecida gloria, como cando se opuxeron á invasión de Iraq. Pero o anquilosamento non reside na política exterior, ten as raíces dentro.

Unha das cousas que fan de Francia un país admirábel é a súa paixón polo debate, que sempre está presente nos xornais e ao que os franceses en xeral entran con facilidade, cando se fala con eles. Nas análises que fan nótaselles a rigorosa tradición cartesiana que posúen. Pero nas últimas épocas apréciase unha falla de realismo nas formulacións, encuberta nun discurso de lóxica académica, pero pouco achegado á realidade; é como se non lles gustase e preferiran ignorala. Case ninguén sabe que Francia é o país desenvolvido con maior afección aos temas esotéricos, hai moitos adeptos aos misterios e ás explicacións anormais. Outra tendencia para tapar a realidade é a proliferación de eufemismos, moi coñecido é o da altermundialización, no lugar da antiglobalización, o de *anti* non era elegante, o SMIC é o salario mínimo, interprofesional, “crecente”, engadirlle o derradeiro adxectivo é unha especie de conxuro, non vaia ser. A importancia das palabras ten un lado correcto, o dos eufemismos, e outro incorrecto, que serve para descualificar; por exemplo, en Francia se un di que a economía de mercado ten algunhas vantaxes, corre o risco de ser chamado “liberal”, un terríbel insulto. Esta situación ten especialmente bloqueada á esquerda, que se amosa bastante dividida e incapacitada para reaccionar.

Aínda así, a base de debater e entrar con coidado en temas tabús vaise abrindo paso en moitos franceses o convencemento de que o principal problema do país é a dimensión que lle teñen dado ao Estado, que é demasiado ríxido e consume unha parte excesiva dos recursos da economía. Velá que empecen a soprar ventos de cambio, empurrados polo exemplo alemán. Un cambio temeroso, porque no fondo do seu corazón a maior parte dos cidadáns seguen a adorar ese Estado que deben reducir. Outro problema que lles preocupa moito é o reto de absorberen á poboación inmigrante na sociedade francesa.

A solución Sarkozy

A vitoria de Nicolas Sarkozy nas eleccións presidenciais, que ficarán como exemplo sobranceiro de participación cidadán e da vitalidade da democracia ao norte dos Pirineos, representa unha aposta dos franceses por reduciren o tamaño do Estado e facelo máis eficaz, dando máis protagonismo á economía privada. O éxito de *Sarko*, que é unha persoa moi ambiciosa e con zonas escuras nas súas formula-

cións, está facilitado polas divisións dos socialistas, que a pesar do seu discurso modernizador non conseguiu transmitir unha mensaxe clara de cambio. Esa foi a grande eiva de Ségolène Royal. Ela e o seu compañeiro, o secretario xeral François Hollande, teñen agora por diante o reto, longo tempo adiado, de superar as fortes divisións e cainismos internos do seu partido e esquecer o discurso demagórico e o emprego de vellas fórmulas, para evadírense da realidade dun mundo que cambia. Resulta en certo modo paradoxal que os logros dunha muller, Ánxela Merkel en Alemaña, serviran como referencia aos votantes para impedir o acceso doutra muller, Ségolène Royal, á presidencia de Francia.

Máis dificultades vai ter o novo presidente na política social e de inmigración, onde encontrará fortes resistencias e mesmo unha situación insurreccional nalgúns guetos urbanos. O gradualismo co que aborde esta fronte estará condicionado polo resultado das lexislativas, que se van producir sen solución de continuidade e que poden obrigarlle a pactar cos centristas.

A política europea é a que abre máis interrogantes, porque ten estado moito tempo aparcada esperando os resultados destas eleccións. Cabe esperar que, con obxectivos pouco ambiciosos, o proxecto común se poña en marcha outra vez. Europa é agora máis complexa e difícil de manexar, pero necesita a recuperación do motor histórico, o eixo franco-alemán, que é imprescindible para que o continente camiñe. Merkel e Sarkozy teñen unha visión compartida en temas importantes, algún deles conflitivo, como a necesidade de fixar unha fronteira polo leste, para poder construír Europa nun espazo estábel, que facilite a cohesión. Este esquema deixaría a Turquía fora, si ben cun estatus privilexiado, que se podería estender a estados do norte de África, do Cáucaso e de Oriente Próximo. Para gañar credibilidade no plano europeo, o novo xefe de Estado deberá rebaixar o discurso excesivamente nacionalista que amosou na campaña electoral.

As relacións con España non se van ver afectadas significativamente polo resultado electoral; se acaso Sarkozy, neto dun xudeu sefardí e casado cunha neta de Albéniz, pode ter unha maior proximidade ao veciño do sur. Pero, sendo pragmáticos, o que aos españois lles interesa é que Francia volva a tirar de Europa e que a súa economía acade un maior dinamismo. Éste é un punto especialmente relevante, porque a economía española está a piques de esgotar o seu modelo recente de crecemento, baseado na construción e no tirón da demanda interna. Sería moi importante que Francia se engadira a Alemaña no reforzamento da demanda externa, para compensar a menor capacidade de compra das familias españolas, excesivamente endebedadas. No caso de Galiza, unha mellora económica de Francia tería un efecto moi positivo, pois trátase do noso primeiro cliente exterior.

Enrique Sáez Ponte é economista e membro do Consello Asesor do Igadi.